

AUDITORIO DE GALICIA

xornadas de
MÚSICA
CONTEMPORÁNEA
Santiago de Compostela
OCTUBRE 2013

CONCERTO CLAUSURA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel director
Barbara Switalska violoncello

xoves
31 | 10 | 2013
21.00 h

I

BENJAMIN BRITTEN** (1973-1996)

Suite de temas populares ingleses
"A time there was", op. 90

Cakes and Ale
The Bitter Withy
Hankin Booby
Hunt the Squirrel
Lord Melbourne

FERNANDO BUIDE DEL REAL (1980)

Tropos para orquestra

MICHAEL TIPPETT (1905-1998)

Fantasia concertante sobre un tema
de Corelli (Omaggio a Italia)

Adriana Winkler violín
Grigori Nedobora violín
Plamen Velev violoncello

II

MICHEL VAN DER AA (1970)

Up Close, para violoncello solista, ensemble de cordas e filme*

Barbara Switalska violoncello

*estrea en España
**centenario do seu nacemento

Duración aproximada do concerto: una hora, corenta minutos

*Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que
desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.*

Real Filharmonía de Galicia

Nace en 1996. O seu primeiro director foi Helmuth Rilling (1996-2000), a quen sucedeu Antoni Ros Marbà (2000-2012). Dende 2013 Paul Daniel é o seu director titular e artístico. A titularidade da Real Filharmonía de Galicia recae na Xunta de Galicia, é xestionada polo Consorcio de Santiago e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia.

Nace en 1996. Su primer director titular fue Helmuth Rilling (1996-2000), a quien sucedió Antoni Ros Marbà (2000-2012). Desde 2013 es su director titular y artístico. La titularidad de la Real Filharmonía de Galicia recae en la Xunta de Galicia, es gestionada por el Consorcio de Santiago y tiene su sede permanente en el Auditorio de Galicia.

DIRECTOR ARTÍSTICO
E TITULAR
PAUL DANIEL

DIRECTOR ASOCIADO
MAXIMINO ZUMALAVE

PRINCIPAL
DIRECTOR INVITADO
CHRISTOPH KÖNIG

VIOLÍNS I
ADRIANA WINKLER
(concertino)
ANCA SMEU
(axuda de concertino)
ILDIKÓ OLTAI **
ANNA ALEXANDROVA
MICHAL RYCZEL
YULIA PETRUSHEVSKAYA
ILYA FISHER
CLAUDIO GURIDI
VICTORIA JUROV

VIOLÍNS II
GRIGORI NEDOBORA *
NIKOLAY VELIKOV **
IRINA GRUIA

HELENA SENGELOW
GYULA VADASZI
ENRIQUE ROCA
ELINA VIKSNE
KIYOKO OHASHI

VIOLAS
TILMANN KIRCHER *
NATALIA MADISON **
ANNE SCHLOSSMACHER
OXANA BAKULINA
TIMUR SADYKOV
IONELA CIOBOTARU

VIOLONCELLOS
PLAMEN VELEV *
CARLOS GARCÍA
SACHA CRISAN
THOMAS PIEL

CONTRABAIXOS
CARLOS MÉNDEZ *
ALFONSO MORÁN **
ORIO L XICART

FRAUTAS
LAURENT BLAITEAU *
LUIS SOTO **

ÓBOES
CHRISTINA DOMINIK *
ESTHER VIÚDEZ **

CLARINETES
BEATRIZ LÓPEZ *
VICENTE LÓPEZ **

FAGOTES
JUAN CARLOS OTERO *
MANUEL VEIGA **

TROMPAS
JORGE ORTEGA *
ALFREDO VARELA *
XAVIER RAMÓN **

TROMPETAS
RAMÓN LLÁTSER *
VÍCTOR VILARIÑO (R)

TIMBAL
JOSÉ VICENTE FAUS

PERCUSIÓN
JUAN MARTÍN (R)
GERMÁN AGULLÓ (***)

ARPA
ALBA BARREIRO (R)

* PRINCIPAL

** COPRINCIPAL

*** ALUMNO EAEM

(R) REFORZO

FACEBOOK.COM/REALFILHARMONIADEGALICIA

Paul Daniel

director

É o director titular e artístico da RFG e tamén se encarga da dirección musical da Orquestra Nacional de Burdeos. Dende hai máis de tres anos, é o principal director e conselleiro artístico da West Australian Symphony Orchestra de Perth e foi director musical da English National Opera e das óperas *Factory* e *North*. Foi director invitado das máis destacadas orquestras do mundo e, mentres estivo á fronte da English Northern Philharmonia, levou á orquestra a participar en moitos festivais. A súa gravación da *Sinfonía núm. 3* de Elgar/Payne, coa Bournemouth Symphony Orchestra, foi un dos discos de música clásica máis vendidos do 2000. Entre os seus compromisos operísticos inclúense *Lucrecia Borgia* e *As vodas de Fígaro* para a English National Opera e un dobre cartel con *L'Enfant et les Sortilleges* e *Der Zwerg* para a Ópera Nacional de París. Dos premios que ten recibido destaca un Olivier pola súa aportación á ópera e un Gramophone pola súa serie sobre música inglesa gravada co selo Naxos. Nos New Year's Honours de 2000 foi condecorado coa Cruz do Imperio Británico.

Es director titular y artístico de la RFG y también se encarga de la dirección musical de la Orquestra Nacional de Burdeos. Desde hace más de tres años, es el principal director y consejero artístico de la West Australian Symphony Orchestra de Perth y ha sido director musical de la English National Opera y de las óperas *Factory* y *North*. Fue director invitado de las más destacadas orquestras del mundo y, mientras estuvo al frente de la English Northern Philharmonia, llevó a la orquestra a participar en muchos festivales. Su grabación de la *Sinfonía núm.3* de Elgar/Payne, con la Bournemouth Symphony Orchestra, fue uno de los discos de música clásica más vendidos del 2000. Entre sus compromisos operísticos se incluyen *Lucrecia Borgia* y *Las bodas de Fígaro* para la English National Opera y un doble cartel con *L'Enfant et les Sortilleges* y *Der Zwerg* para la Ópera Nacional de París. De los premios que ha recibido destaca un Olivier por su aportación a la ópera y un Gramophone por su serie sobre música inglesa grabada con el sello Naxos. En los New Year's Honours de 2000 fue condecorado con la Cruz del Imperio Británico.

Barbara Switalska

violoncello

Nada en Wrocław, foi gañadora do Concurso Nacional de violoncello de Polonia e galardoada con diversos premios. Actuou como solista en diversos países de Europa e América: Teatro Arriaga (Bilbao), Teatro da Maestranza (Sevilla), a Fundación March e o Auditorio Nacional de Música (Madrid). Como intérprete de música de cámara desenvolve unha intensa actividade nos festivais internacionais e colaborou con músicos como Árnulf von Arnim, León Spierer, Ivan Monighetti, Michael Portal, María João Pires e o Quinteto Miró. Actuou como solista coa Real Filharmonía de Galicia e Antoni Ros Marbà, interpretando as *Variacións sobre un tema rococó* de Chaikovski, e coa Orquesta Sinfónica de Córdoba, baixo a dirección de Manuel Hernández Silva. Na actualidade é violoncellista coprincipal da Real Filharmonía de Galicia e profesora de violoncello na Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia, e membro do trío de piano formado xunto a Elina Viksne e Ilona Timchenko.

Nacida en Wrocław, ha sido ganadora del Concurso Nacional de violonchelo de Polonia y galardonada con diversos premios. Ha actuado como solista en diversos países de Europa y América: Teatro Arriaga (Bilbao), Teatro de la Maestranza (Sevilla), la Fundación March y el Auditorio Nacional de Música (Madrid). Como intérprete de música de cámara desenvuelve una intensa actividad en los festivales internacionales en Europa y ha colaborado con músicos como Árnulf von Arnim, León Spierer, Ivan Monighetti, Michael Portal, María João Pires y el Quinteto Miró. Ha actuado como solista con la Real Filharmonía de Galicia y Antoni Ros Marbà, interpretando las *Variaciones sobre un tema rococó* de Chaikovski, y con la Orquesta Sinfónica de Córdoba, bajo la dirección de Manuel Hernández Silva. En la actualidad es violonchelista coprincipal de la Real Filharmonía de Galicia y profesora de violonchelo en la Escuela de Altos Estudios Musicales de Galicia, y miembro del trío de piano formado junto a Elina Viksne e Ilona Timchenko.

Poesía e folclore

En 1974, o compositor inglés Benjamin Britten tentaba compor ansioso por recuperarse dunha operación de corazón cando Donald Mitchell lle lembrou que en 1966 escribira unha obra curta, *Hankin Booby*, un sinxelo arranxo para banda sobre unha canción folclórica inglesa que sería interpretada na cerimonia inaugural do Queen Elizabeth Hall. Mitchell, que traballaba na editora Faber Music, sinalou a Britten a necesidade de rodear esa breve peza con algún contexto musical que puidese asegurar o seu futuro. Así Britten comezou a traballar e creou outras catro pezas orquestrais baseadas en antigas cantigas folclóricas inglesas. Cada unha das cinco pezas baséanse nun par de cancións e a orquestración mostra a brillantez e o enxeño do autor. Cordas, ventos e percusión soan de forma rápida e brusca no comezo; á arpa e ao pizzicato dos contrabajos únense ás trompas no segundo movemento para dar protagonismo ás trompetas e pequena percusión; o corno inglés aparece nunha triste melodía en Lord Melbourne para finalizar de modo lento e lánguido. Benjamín Britten titulou a suite *A time there was* (1975) a partir do primeiro verso dun poema de Thomas Hardy (1840-1928): Houbo un tempo, como pode un adiviñar (*A time there was, as one may guess*). A Orquestra Inglesa de Cámara dirixida por Steuart Bedford estreou a obra en Snape Maltings o 13 de xuño de 1975.

Poesía y folclore

En 1974, el compositor inglés Benjamin Britten intentaba componer ansioso por recuperarse de una operación de corazón cuando Donald Mitchell le recordó que en 1966 había escrito una obra corta, *Hankin Booby*, un sencillo arreglo para banda sobre una canción folclórica inglesa que sería interpretada en la ceremonia inaugural del Queen Elizabeth Hall. Mitchell, que trabajaba en la editora Faber Music, señaló a Britten la necesidad de rodear esa breve pieza con algún contexto musical que pudiera asegurar su futuro. Así Britten comenzó a trabajar y creó otras cuatro piezas orquestales basadas en antiguas cantigas folclóricas inglesas. Cada una de las cinco piezas se basan en un par de canciones y la orquestración muestra la brillantez y el ingenio del autor. Cuerdas, vientos y percusión suenan de forma rápida y brusca en el comienzo; al arpa y al pizzicato de los contrabajos se unen a las trompas en el segundo movimiento para dar protagonismo a las trompetas y pequeña percusión; el corno inglés aparece en una triste melodía en Lord Melbourne para finalizar de modo lento y lánguido. Benjamín Britten tituló la suite *A time there was* (1975) a partir del primer verso de un poema de Thomas Hardy (1840-1928): Hubo un tiempo, como puede uno adivinar (*A time there was, as one may guess*). La Orquesta Inglesa de Cámara dirigida por Steuart Bedford estrenó la obra en Snape Maltings el 13 de junio de 1975.

Tropos

O persoal universo sonoro de **Fernando Buide del Real** (Santiago de Compostela, 1980) foi descuberto polo público a través de obras estreadas pola Real Filharmonía de Galicia (*Tropos*, 2008 e *Paisaxe suspendida*, 2010), o Taller Atlántico Contemporáneo, o Ensemble s21 etc. Buide comezou os seus estudos musicais en Santiago para trasladarse a Oviedo, onde estudou piano, órgano e composición. Da man de Leonardo Balada chegou á Universidade Carnegie Mellon de Pittsburgh para completar o seu doutoramento na Universidade de Yale. A obra de Buide abrangue os xéneros camerístico, sinfónico, coral ou para banda. A súa estética é respectuosa coa tradición e aberta á vangarda, en tanto que Bach, Boulez ou Carter foron os seus primeiros focos de atención, especialmente polo timbre e o ritmo das súas obras, así como pola capacidade de precisión das súas linguaxes. Segundo García del Busto "*Tropos* apunta cara a vellos procedementos compositivos, froito do interese que mostra o autor pola música medieval. Pártese dunha célula temática moi sinxela que vai ser sometida a múltiples variantes e transformacións nun curso musical articulado en dúas seccións que se suceden sen solución de continuidade e que se diferencian basicamente no seu perfil rítmico: mentres que a primeira presenta unha rítmica un tanto laxa, con frecuentes cambios de pulsión, na segunda atopamos unha pulsión máis fixa que confire ao discurso maior continuidade motora".

Tropos

El personal universo sonoro de **Fernando Buide del Real** (Santiago de Compostela, 1980) fue descubierto por el público a través de obras estrenadas por la Real Filarmonía de Galicia (*Tropos*, 2008 y *Paisaje suspendido*, 2010), el Taller Atlántico Contemporáneo, el Ensemble s21 etc. Buide comenzó sus estudios musicales en Santiago para trasladarse a Oviedo, donde estudió piano, órgano y composición. De la mano de Leonardo Balada llegó a la Universidad Carnegie Mellon de Pittsburgh para completar su doctorado en la Universidad de Yale. La obra de Buide abarca los géneros camerístico, sinfónico, coral o para banda. Su estética es respetuosa con la tradición y abierta a la vanguardia, en tanto que Bach, Boulez o Carter fueron sus primeros focos de atención, especialmente por el timbre y el ritmo de sus obras, así como por la capacidad de precisión de sus lenguajes. Según García del Busto "*Tropos* apunta hacia viejos procedimientos compositivos, fruto del interés que muestra el autor por la música medieval. Se parte de una célula temática muy sencilla que va a ser sometida a múltiples variantes y transformaciones en un curso musical articulado en dos secciones que se suceden sin solución de continuidad y que se diferencian básicamente en su perfil rítmico: mientras que la primera presenta una rítmica un tanto laxa, con frecuentes cambios de pulsión, en la segunda encontramos una pulsión más fija que confiere al discurso mayor continuidad motriz".

Unha melodía de Puccini

Michael Tippett (1905-1998) é con Britten, Walton e Vaughan Williams, un dos compositores ingleses máis importantes da segunda metade do século XX. A pesar da súa condición de autor británico, non mira con nostalxía o pasado glorioso do Imperio Británico senón que fai predominar unha intensa visión do presente convulso que lle tocou vivir. As súas profundas crenzas políticas, pacifistas e humanitarias, que o levaron ao cárcere como obxector de conciencia durante a Segunda Guerra Mundial, reflectíronse abertamente nas súas composicións e mesmo nunha das súas máis coñecidas obras, *A child of our time* (Un mozo do noso tempo) que se converteu en símbolo contra a tiranía. En 1946 escribiu a súa *Little Music*, onde manifesta a súa habilidade no uso dos instrumentos de corda. Nesta época compón a *Fantasia concertante* (1953) para a celebración no festival de Edimburgo do terceiro centenario de nacemento de Corelli. A obra mostra unha vea neoclásica dun radiante lirismo, moi acorde coa ocasión que conmemora baseándose en dúas ideas melódicas dispares do *Concerto grosso* en Fa maior de Corelli, tomando como referencia o *adagio* e unindo un *vivace*. Foi estreada ese ano no marco do festival pola BBC Symphony Orchestra e dirixida polo compositor.

Una melodía de Puccini

Michael Tippett (1905-1998) es con Britten, Walton y Vaughan Williams, uno de los compositores ingleses más importantes de la segunda mitad del siglo XX. A pesar de su condición de autor británico, no mira con nostalgia el pasado glorioso del Imperio Británico sino que hace predominar una intensa visión del presente convulso que le tocó vivir. Sus profundas creencias políticas, pacifistas y humanitarias, que lo llevaron a la cárcel como objetor de conciencia durante la Segunda Guerra Mundial, se reflejaron abiertamente en sus composiciones e incluso en una de sus más conocidas obras, *A child of our time* (Un joven de nuestro tiempo) que se convirtió en símbolo contra la tiranía. En 1946 escribió su *Little Music*, donde manifiesta su habilidad en el uso de los instrumentos de cuerda. En esta época compone la *Fantasia concertante* (1953) para la celebración en el festival de Edimburgo del tercer centenario de nacimiento de Corelli. La obra muestra una vena neoclásica de un radiante lirismo, muy acorde con la ocasión que conmemora basándose en dos ideas melódicas dispares del *Concierto grosso* en Fa mayor de Corelli, tomando como referencia el *adagio* y uniendo un *vivace*. Fue estrenada ese año en el marco del festival por la BBC Symphony Orchestra y dirigida por el compositor.

A poesía da imaxe

Michel van der Aa (Holanda, 1970) é unha figura multidisciplinar na música contemporánea. Un creador que combina a composición, o cinema, a dirección de escena e a escritura de guións. Instrumentos clásicos, voces, sons electrónicos, actores, teatro e vídeo son todas as extensións do seu vocabulario musical. Un só de violoncello comeza cun soliloquio melancólico e insistente ao que se une a orquestra de cordas e unha imaxe nunha pantalla. No medio do escenario vese unha muller escribindo mensaxes codificadas en follas de papel. En parte concerto para violoncello e en parte película de ópera, Michel van der Aa explora na súa obra *Up-close* a condición humana reflectida a través de sons superpostos, imaxes e liñas argumentais; unha exploración poética dos rituais da comunicación.

La poesía de la imagen

Michel van der Aa (Holanda, 1970) es una figura multidisciplinar en la música contemporánea. Un creador que combina la composición, el cine, la dirección de escena y la escritura de guiones. Instrumentos clásicos, voces, sonos electrónicos, actores, teatro y vídeo son todas las extensiones de su vocabulario musical. Un solo de violoncello comienza con un soliloquio melancólico e insistente al que se une la orquesta de cuerdas y una imagen en una pantalla. En medio del escenario se ve una mujer escribiendo mensajes codificados en hojas de papel. En parte concierto para violoncello y en parte película de ópera, Michel van der Aa explora en su obra *Up-close* la condición humana reflejada a través de sonos superpuestos, imágenes y líneas argumentales; una exploración poética de los rituales de la comunicación.

próximos concertos

NOVEMBRO 2013

7

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA
MAXIMINO ZUMALAVE director
CLAUDIO MARTÍNEZ MEHNER piano
21.00 h. Auditorio de Galicia

Obras de Gustav Mahler,
Nino Rota, Richard Wagner

CONVERS@NDO
20.00h

14

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA
CAPELA COMPOSTELANA
PAUL DANIEL director
21.00 h. Auditorio de Galicia

Obras de Johannes Brahms,
Jean Sibelius

CONVERS@NDO
20.00h

----- cineuropa concerto -----

6

DAVIDE FORMISANO frauta
ERIKO ISHIMOTO piano
20.00 h. Paraninfo da Universidade
Facultade de Xeografía e Historia

Morricone,
Bach,
Prokofiev e
Roussel

*entrada libre
ata completar
o aforo do local*

13

EDUARDO MARTÍNEZ óboe
ERIKO ISHIMOTO piano
20.30 h. Auditorio de Galicia (Sala Mozart)

Bach, Britten,
Saint-Saëns,
Mozart e
Hindemith

15

NANCY FABIOLA HERRERA soprano
RUBÉN FERNÁNDEZ AGUIRRE piano
21.00 h. Auditorio de Galicia

Concerto a beneficio
da Fundación Victoria
de los Ángeles

AUDITORIO DE GALICIA
Avda. do Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela



DESPACHO DE BILLETES
Tel.: +34 981 571 026 / 573 979

OFICINA
Tel.: +34 981 574 153 / 552 290
Fax: +34 981 574 250

www.compostelacapitalcultural.org
www.auditoriodeg Galicia.org
www.rfgalicia.org

